

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027851	IES A Cachada	Boiro	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	38

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) define o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na presente Lei. Nel establécese que o currículo deberá orientarse a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos dunha cidadanía activa e democrática.

A materia de Lingua Galega e literatura preséntase como unha materia ofertada de libre configuración autonómica obrigatoria, segundo a Ordenación Xeral do sistema educativo vixente. O seu desenvolvemento será análogo ao de Lingua castelá e literatura, como recolle o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, desenvolvendo a Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística para os centros galegos de titularidade pública ou privada. O obxectivo é fomentar a destreza na adquisición de novas linguas, favorecendo o interculturalismo e plurilingüismo.

O eixe do currículo de lingua galega e literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e en función de diferentes propósitos comunicativos, do hábito lector, da variada tipoloxía de textos e do patrimonio cultural.

A finalidade da materia de Lingua galega e literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico.

Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos adquiridos na educación primaria, pasando dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas.

Atendendo ao exposto, divídese a materia de Lingua galega e literatura en 4 bloques, en función dos contidos, obxectivos e criterios de avaliación: o Bloque 1. As linguas e os seus falantes (OBX1), oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono; o Bloque 2. Comunicación (OBX2, OBX3, OBX4, OBX5, OBX6, OBX10), céntrase na comprensión, produción e interacción oral e escrita, incorporando as TIC aos diferentes ámbitos de comunicación (persoal, educativo, social e profesional; o Bloque 3. Educación literaria (OBX7, OBX8) segue a centrarse no sentido global dos textos, especialmente nos textos literarios, subliñando que o proceso de ensino e aprendizaxe da lectura debe abordarse desde unha perspectiva ampla; por último, o Bloque 4. Reflexión sobre a lingua (OBX9), propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando para iso a metalinguaxe específica.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición, e que se presentan cun claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e de instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora.

Neste sentido, especialmente importante, tras a última reforma educativa, incidir no estudo e posta en práctica da importancia das relacións entre o galego e as demais linguas da Península, en concreto co portugués. Así o recolle a Lei 1/2014, do 24 de marzo, coñecida como a Lei Paz-Andrade, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. Isto permitiranos desenvolvernos nunha lingua próxima a nós e cunha orixe e desenvolvemento parello durante séculos. É importante destacar que neste centro educativo realízanse intercambios con outros centros educativos de Portugal, favorecendo o intercambio e a aprendizaxe intercultural.

Como observamos, promovemos un proceso de enseñanza-aprendizaxe integrador e cooperativo e nel atendemos ás características particulares do noso alumnado.

Precisamente, pola importancia do contexto, debemos ter en conta as CARACTERÍSTICAS SOCIOLINGÜÍSTICAS do centro no que se insire a programación.

O IESP A Cachada é un centro plurilingüe de ESO situado na costa occidental de Galicia, nas Rías Baixas e acolle o alumnado de diversas parroquias (Escarabote, Cabo de Cruz, Boiro, Cespón, etc). Entre os piares socioeconómicos máis destacados do concello destacan o mar, o sector conserveiro, e o sector servizo. O centro de ensino será o espazo no que as rapazas e rapaces interactúen e coincidan. Trátase de alumnado de procedencia heteroxénea (alumnado de zonas moi urbanizadas fronte alumnado procedente de zonas rurais).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Diversas e capaces.	<p>A 1ª unidade xira arredor da igualdade como punto de partida para falar dos prexuízos e desigualdades, pero tamén da superación persoal e o apoderamento, tal como amosa a lectura corresponde á novela "Lúa Nova", de Irene Montero, obxecto de análise na comprensión textual e que dará pé a unha primeira toma de contacto co alumnado a través da oralidade. Nesta ocasión aproximándonos ás emocións e os sentimentos, e ensinámoslle ao estudantado a importancia de definir e entender ben os conceptos. Aproximámonos á realidade e tipoloxía textual.</p> <p>A nivel gramatical, a base desta UD céntrase na fonética e fonoloxía, así como na acentuación.</p> <p>No apartado de Lingua e sociedade analizamos a diversidade lingüística, mentres que na literatura faremos fincapé nas características básicas da literatura e os elementos que a determinan.</p>	10	12	X		
2	Por un mundo máis xusto.	<p>Na 2ª UD, seguimos analizando a afouteza feminina a través da protagonista do relato, "Smita", ademais de atender ás diferenzas culturais.</p> <p>Empregaremos a oralidade na configuración de esquemas e na definición dos adxectivos. Asemade, afondamos máis na produción textual, atendendo ás 3 características principais do texto: adecuación, coherencia e cohesión.</p> <p>Continuamos nesta UD, o camiño iniciado na UD 1, repasando agora a acentuación dos ditongos e hiatos, así como doutros casos especiais.</p> <p>A nivel gramatical analizamos a estrutura morfolóxica das palabras, mentres que a sociolingüística se centra nas diferentes linguas da Península Ibérica, complementando o tema iniciado tamén na 1ª UD.</p> <p>Por outra banda, na literatura atendemos ás características básicas dos 3 xéneros principais.</p>	10	14	X		
3	Saúde: un dereito universal.	<p>Na UD3 analizamos as doenzas e o léxico relacionado coa saúde, incidindo na definición verbal.</p> <p>Na análise textual, afondamos nos diferentes procedementos de cohesión</p>	15	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Saúde: un dereito universal.	<p>textual, e repasamos as características vistas previamente mediante a elaboración de resumos, practicando esta técnica de estudo de maneira oral e escrita.</p> <p>A nivel gramatical, pechamos o repaso da acentuación atendendo ao til diacrítico e analizamos os diferentes tipos de substantivos e a súa formación (xénero e número).</p> <p>No apartado de Lingua e sociedade, atendemos ao estudo do galego e o portugués.</p> <p>Por último, a literatura céntrase no estudo do teatro e as características principais deste xénero. Asemade trátanse outras artes como a danza e a música, disciplinas artísticas creadas para a súa representación nun escenario. Co fin de sacar un maior beneficio desta explicación facemos coincidir con esta explicación a valoración do libro de teatro proposto para este trimestre: "Marta ante o espello".</p>	15	14	X		
4	María Casares.	<p>A UD4 parte dun texto narrativo de María Canosa. Aproveitaremos este material para tratar o léxico das viaxes así como para asentir as características principais dos textos narrativos.</p> <p>Ademais desta tipoloxía literaria comezamos a tratar os textos xornalísticos, centrándonos nesta UD na noticia, e na importancia das gráficas e da súa correcta interpretación.</p> <p>Doutra banda, na ortografía ábrese un novo ciclo de UD nos que se tratarán distintos tipos de aspectos relacionados coa puntuación, mentres que na gramática a unidade xira arredor do adxectivo.</p> <p>No bloque de Lingua e sociedade analizarase a lingua de signos, mentres que na literatura complementarase o visto na tipoloxía textual, afondando no conto e nas características deste xénero narrativo, para rematar coa elaboración dun relato propio.</p>	10	10		X	
5	Natureza grandiosa.	<p>Na UD5, o texto "Xeoparque Montañas do Courel" sêrvenos de guía para introducir o léxico relacionado coas árbores e os froitos, así como dar paso á explicación sobre as relacións semánticas (hiponimia, cohiponimia, hiperonimia, campo semántico).</p> <p>A través deste texto pódese incidir tamén nas características dos textos expositivos</p>	10	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Natureza grandiosa.	<p>para proceder a establecer a características destes e distinguilos dos textos argumentativos. Todo este material poderá ser aproveitado para finalizar cun obradoiro no que se proceda a realizar un póster ou mural, atendendo a esta tipoloxía.</p> <p>A nivel gramatical, a base desta UD será o pronome persoal, mentres que a ortografía desenvolverá novos apartados sobre a puntuación.</p> <p>Polo que concerne á Lingua e sociedade, analizamos neste tema a situación actual do idioma.</p> <p>Finalizamos o tema coa achega ás características literarias da novela e os diferentes subtipos existentes.</p>	10	14		X	
6	Cero plásticos.	<p>Nesta UD tratamos a contaminación marítima e a paisaxe mariña a través dunha serie de textos. Asemade aproveitamos para seguir coa exposición das relacións semánticas (polisemia, homonimia, sinonimia, antonimia).</p> <p>A través dos ditos textos, veremos con maior claridade a diferenza entre os textos expositivos e argumentativos, centrándonos nesta UD nestes últimos.</p> <p>Ademais analizaremos os textos publicitarios propoñendo ao alumnado a creación dun anuncio propio realizado en equipo. A argumentación será analizada tamén desde a oralidade e traballada a través do debate.</p> <p>A nivel gramatical, o grosso da UD céntrase na análise e estudo do verbo, mentres que a ortografía xirará arredor da diérese e dos grupos -ct- e -cc-. Canto ao apartado de Lingua e sociedade, tratamos un dos temas fundamentais: os prexuízos lingüísticos. Debido á complexidade desta UD, non se introduce o estudo de literatura nela, se ben rematamos nela a explicación das diferentes relacións semánticas.</p>	15	15		X	
7	En acción polo clima.	<p>O Informe sobre o Estado do Clima 2022, introduce unha nova unidade a través da cal analizaremos o léxico relacionado co tempo meteorolóxico.</p> <p>O apartado de Estudo de textos céntrase na tipoloxía dos textos xornalísticos, centrándose no estudo da noticia e do artigo de opinión.</p> <p>Gramaticalmente, nesta UD prodúcese un xiro importante, centrándose na sintaxe. Neste trimestre concéntrase nesta unidade</p>	15	12			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	En acción polo clima.	o repaso ortográfico, lembrando as regras principais no uso do B/V, do h, de s/x, e n/ñ, e que serán repasadas na seguinte UD. Canto a Lingua e sociedade, centrámonos en dous conceptos fundamentais: normalización e normativización. Por último, na Literatura abrimos un último apartado: a poesía, que se desenvolverá ao longo de varios temas. Nesta UD analízase os tipos de poesía, a métrica e a rima.	15	12			X
8	En rede	No bloque de Comunicación propónse como Lectura un fragmento o informe «O uso problemático de Internet e das redes sociais afecta a un de cada catro adolescentes en Galicia», cun traballo de comprensión lectora e afondamento sobre esta temática. O bloque Comunicación continúa co estudo do Léxico sobre Internet e o uso de siglas e acrónimos; tamén se realiza unha explicación sobre os textos dixitais e electrónicos e as normas da «netiqueta»; e o bloque remata co Obradoiro de comunicación, que se centra na elaboración de pasatempos. A nivel gramatical trátanse as funcións sintácticas. Por outra banda, en Lingua e sociedade analizamos as diferentes variedades lingüísticas. Canto á literatura, analizamos os recursos estilísticos da poesía, a importancia da canción e as súas características principais, e outras artes plásticas como o cómic e a poesía visual.	15	14			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Diversas e capaces.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a importancia do sentido da lectura e o propósito dos textos dos diferentes xéneros literarios.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición teatral.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado identifica a intención comunicativa e os elementos que interveñen no proceso de comunicación.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.	TI	30
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interaccións orais informais e no traballo en equipo, con actitude de escoita activa e facendo uso de cortesía lingüística.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.</li> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Por un mundo máis xusto.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as principais linguas da península, en especial o éuscaro e o catalán. situación do catalán.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir da realidade que o rodea.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas con certa planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo.	PE	70
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade e a idoneidade da canle utilizada.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido dos textos literarios analizados, así como a idoneidade da canle utilizada.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo ás normas ortográficas e morfolóxicas.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos.	TI	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a importancia do sentido da lectura e o propósito dos textos dos diferentes xéneros literarios.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información e selecciona textos de interese a través de diferentes medios.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece vínculos entre os textos lidos na actualidade con obras vistas ou lidas anteriormente, así como con outras manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.</li> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>

**Contidos**

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Saúde: un dereito universal.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir da realidade que o rodea.	PE	50
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado le a obra teatral seleccionada para este trimestre, Marta ante o espello, de Teresa Calo.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado formula xeneralizacións sobre a formación do substantivo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado elabora un glosario multilingüe que contén expresións e léxico cotián básico (en galego, portugués, castelán, éuscaro, catalán).	TI	50
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos avaliando a canle utilizada.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas con certa planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, e usando diferentes procedementos de cohesión.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade e a idoneidade da canle utilizada.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido dos textos literarios analizados, así como a idoneidade da canle utilizada.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información e selecciona textos de interese a través de diferentes medios.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora, en grupos pequenos, un traballo sobre o teatro nas diferentes linguas da península.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado comparte a súa selección de textos teatrais a través de medios virtuais habilitados na aula para tal fin.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula.
- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos.

## Contidos

- ficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.
- Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
